


A nova tarifa eléctrica

XUNTA DE GALICIA



Como se chama a nova tarifa e a quen afecta?

A nova tarifa denomínase 2.0 TD e afecta a todas as persoas usuarias que teñan contratada unha potencia igual ou inferior a 15kW.

Aplicarase de forma automática a todos os contratos acollidos ao mercado regulado con tarifa regulada (PVPC).

As persoas consumidoras que estean no mercado libre deberán analizar as novas condicións que lles ofrezca a súa compañía eléctrica en cada caso.

Mercado regulado e mercado libre

É importante identificar en que mercado estamos. Tendo 10kW ou menos vostede pode estar nun destes dous mercados:

- **Mercado regulado:** os prezos denomínanse PVPC (prezo voluntario ao pequeno consumidor) e son regulados e fixados polo Goberno.
- **Mercado libre:** as condicións do contrato páctanse de forma individual coa empresa comercializadora e o prezo está liberalizado.



Só se pode ter acceso ao bono social se se está no mercado regulado (PVPC).

Como podo saber se estou no mercado regulado ou no libre?

Comprobe a súa factura: de estar no mercado regulado debe figurar "Tipo de contrato: PVPC-Mercado Regulado", do contrario estarase no mercado libre.

Fíxese no nome da empresa eléctrica: Na actualidade só operan no mercado regulado EnergíaXXI, Curenergía, Regsiti, BaserCOR, Gas&Power, CHC COR, Teramelcor SL e ENERGÍA CEUTA XXI.



Como é a nova factura?

Na nova factura do mercado regulado atopará os seguintes conceptos:

POTENCIA CONTRATADA

É un termo fixo:

- Por peaxe (en punta e val)
- Por cargos (en punta e val)
- Marxe de comercialización fixa

ENERXÍA CONSUMIDA

Variable en función do consumo:

- Por peaxe (en punta, chairro e val)
- Por cargos (en punta, chairro e val)
- Custo da enerxía

ALUGAMENTO DO CONTADOR

IMPOSTOS



Que é a peaxe?

Son os custos asociados ás redes de transporte e de distribución, que permite que a enerxía chegue aos fogares.

Que son os cargos?


Son os custos asociados ao fomento das enerxías renovables, aos custos extrapeninsulares e ás anualidades para pagar o déficit de tarifa.

Que é a marxe de comercialización fixa?

É o beneficio fixo que percibe a compañía no mercado regulado.



Esta nova factura inclúe un código QR para poder acceder a un comparador de ofertas de enerxía na web da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC).



Que pode facer a persoa consumidora?

A persoa consumidora pode adaptar as súas potencias contratadas e as súas pautas de consumo.



Pode contratar máis dunha potencia?

Si, a nova tarifa permite contratar dúas potencias distintas para dous períodos de consumo distintos (sempre que sexa menor ou igual a 15kW):

- Unha potencia para o período punta e chairo de 8 a 24 horas en días laborais. Teña en conta que estes períodos son os máis caros.
- Unha potencia para o período val, das 0 a 8 horas, en días laborais e as 24 horas as fins de semana e festivos nacionais. Teña en conta que este período é o máis barato.

↘ Ata o 31 de maio de 2022 permítense 2 cambios de potencia gratuítos, sempre que non se incremente a potencia contratada. Deben solicitarse a través do comercializador.

DE LUNS A VENRES



FINS DE SEMANA E FESTIVOS NACIONAIS



■ Potencia período punta e chairo


■ Potencia período val




Como é a nova tarifa eléctrica?

A nova tarifa eléctrica conta con 3 períodos horarios nos que o custo da enerxía é máis barata ou máis cara, dependendo da hora do día e do día da semana.

HORARIO DE TARIFAS



DE LUNS A VENRES



SÁBADOS, DOMINGOS
E FESTIVOS NACIONAIS



HORA PUNTA

É a tarifa máis cara

Luns a venres
10:00 – 14:00 h
18:00 – 22:00 h



PERÍODO CHAIRO

É a tarifa intermedia

Luns a venres
08:00 – 10:00 h
14:00 – 18:00 h
22:00 – 24:00 h



PERÍODO VAL

É a tarifa máis barata

Luns a venres
00:00 – 08:00 h
Fins de semana
e festivos nacionais
00:00 – 24:00 h

Consellos (ollo!)

- Solicite por escrito calquera promoción, oferta ou condición que lle ofrezan.
 - Compare as condicións ofertadas coas condicións que ofrece o mercado regulado.
- [Simulador da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia de facturación no mercado regulado.](#)

Como aforrar?

- Adaptando a potencia a aquela que realmente precisamos en función dos electrodomésticos, equipos eléctricos e dimensións da vivenda.
- Desprazando o consumo de horas punta a horas val e chaira.
- Apostando pola eficiencia enerxética e o autoconsumo.

Como reclamar?

Conta co asistente de presentación de reclamacións:
<https://consumo.xunta.gal/es/consumidores/reclamacións/asistente>



Para máis información:

Teléfono gratuito 900 23 11 23

Web: consumo.xunta.gal

Enderezo electrónico: info.igcc@xunta.gal